



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias febreiro 2021

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2021

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de febreiro do ano 2021 acadou a cifra de 994.029 para o total do sistema, o que supón un aumento respecto ao pasado mes de xaneiro de 2021 de 1.692 afiliacións (0,17%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 18.850.112, rexistrando unha subida do 0,11% con respecto ao pasado mes de xaneiro.

Na comparativa interanual (febreiro de 2021 con febreiro de 2020) obsérvase unha diminución de 18.324 afiliacións no total do sistema en Galicia (-1,81%) e unha diminución do 2,08% (400.117 afiliacións) no conxunto estatal.


Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de xaneiro de 2021, rexístrase unha subida das afiliacións en doce comunidades autónomas, destacando principalmente Murcia (cunha taxa algo superior ao 1,00%). En senso contrario, a Comunitat Valenciana presenta a taxa máis negativa (aínda que por riba do -1,00%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas negativas en dezaseis das dezasete comunidades autónomas. Os descenso máis acusados prodúcense en Illes Balears (-6,44%) e Canarias (-6,08%), mentres que Murcia ascende, pero quedándose por debaixo do 0,50%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA FEBREIRO 2021	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	18.850.112	20.632	0,11	-400.117	-2,08
Galicia	994.029	1.692	0,17	-18.324	-1,81
Andalucía	3.095.272	-3.834	-0,12	-43.543	-1,39
Aragón	562.039	1.384	0,25	-13.546	-2,35
Asturias	356.352	327	0,09	-6.673	-1,84
Illes Balears	413.235	1.120	0,27	-28.432	-6,44
Canarias	768.425	-910	-0,12	-49.715	-6,08
Cantabria	212.949	180	0,08	-3.428	-1,58
Castilla La Mancha	704.489	-724	-0,10	-287	-0,04
Castilla y León	896.543	633	0,07	-18.281	-2,00
Cataluña	3.359.239	12.348	0,37	-81.563	-2,37
Comunitat Valenciana	1.888.804	-10.863	-0,57	-35.988	-1,87
Extremadura	385.041	-389	-0,10	-2.623	-0,68
Madrid	3.209.827	11.476	0,36	-69.229	-2,11
Murcia	593.950	6.265	1,07	1.238	0,21
Navarra	285.097	675	0,24	-3.718	-1,29
País Vasco	951.772	888	0,09	-21.380	-2,20
La Rioja	127.403	62	0,05	-2.581	-1,99
Ceuta e Melilla	45.646	303	0,67	-2.043	-4,28

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones

¹ O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones dende o informe de xaneiro de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social diminuíu con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. Lugo é a provincia que presenta a maior caída nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do -2,20%, o que supón 2.670 afiliacións menos, seguida de Ourense (-2,08%), A Coruña (-1,96%) e, por último, Pontevedra (-1,41%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de febreiro con respecto ás do mes de xaneiro de 2021, rexistrouse en Galicia unha subida do 0,17%. Todas as provincias, agás Lugo, amosan datos positivos, sendo A Coruña a que máis crece (0,29%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA FEBREIRO 2021	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	426.223	1.252	0,29	-8.522	-1,96
LUGO	118.644	-118	-0,10	-2.670	-2,20
OURENSE	100.090	29	0,03	-2.128	-2,08
PONTEVEDRA	349.073	528	0,15	-5.004	-1,41
GALICIA	994.029	1.692	0,17	-18.324	-1,81
ESPAÑA	18.850.112	20.632	0,11	-400.117	-2,08


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,2% das afiliacións galegas en febreiro de 2021, aumentaron un 0,16% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase unha diminución do 2,10%. En España estas taxas foron do 0,09% con respecto a xaneiro de 2021 e do -2,52% en relación ao mes de febreiro de 2020. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (71,0%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas, menos Pontevedra, amosan taxas de variación interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega sitúase no -0,42%. Para este réxime e con respecto ao mes de xaneiro de 2021, soben todas as provincias (excepto Lugo), resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do 0,09%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual (0,13%) e intermensual (0,17%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a febreiro de 2020, rexístranse baixadas en todas as provincias, destacando a caída que se produce en A Coruña (-6,17%). A taxa galega acaba entón o -4,86%, sendo levemente inferior á de España (-4,82%). Con respecto a xaneiro de 2021, atopamos a maior taxa en A Coruña (3,57%) e a menor en Lugo (-1,28%). A taxa galega amosa así un aumento do 1,41% con respecto a xaneiro de 2021. A taxa nacional é do 1,26%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN FEBREIRO 2021	VARIACIÓNS RELATIVAS	
		MES	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	426.223	0,29	-1,96
LUGO	118.644	-0,10	-2,20
OURENSE	100.090	0,03	-2,08
PONTEVEDRA	349.073	0,15	-1,41
GALICIA	994.029	0,17	-1,81
ESPAÑA	18.850.112	0,11	-2,08
R. XERAL			
A CORUÑA	336.445	0,29	-2,28
LUGO	84.229	-0,11	-2,47
OURENSE	76.854	0,04	-2,42
PONTEVEDRA	269.583	0,12	-1,66
GALICIA	767.111	0,16	-2,10
ESPAÑA	15.527.823	0,09	-2,52
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	84.236	0,10	-0,38
LUGO	32.958	-0,01	-1,60
OURENSE	23.236	0,00	-0,94
PONTEVEDRA	66.783	0,17	0,29
GALICIA	207.213	0,09	-0,42
ESPAÑA	3.262.255	0,17	0,13
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.542	3,57	-6,17
LUGO	1.456	-1,28	-0,12
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.707	0,80	-4,81
GALICIA	19.706	1,41	-4,86
ESPAÑA	58.947	1,26	-4,82

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

5.- Expediente de Regulación Temporal de Empleo (ERTE)

Por último, debemos sinalar que dentro do total de afiliados a día 28 de febreiro de 2021 en Galicia, había 46.665 que se atopaban protexidos por algún tipo de ERTE (de forza maior, non de forza maior ou RDL 30/2020), 118.373 menos fronte ao máximo notificado, rexistrado o 30 de abril de 2020 (-71,72%). No total de España, o número de afectados por un ERTE no último día de febreiro é de 899.383, producíndose unha diminución de 2.487.402 respecto ao peche de abril do ano pasado (-73,44%).

Cadro 4.- EVOLUCIÓN DOS ERTE POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS			
CCAA	NOTIFICADOS A ÚLTIMO DÍA DE FEBREIRO 2021	VARIACIÓN	
		ÚLTIMO DÍA DE ABRIL 2020	
		ABSOLUTA	RELATIVA
España	899.383	-2.487.402	-73,44
Galicia	46.665	-118.373	-71,72
Andalucía	121.398	-355.994	-74,57
Aragón	16.860	-70.126	-80,62
Asturias	17.993	-41.228	-69,62
Illes Balears	38.649	-102.965	-72,71
Canarias	89.559	-141.978	-61,32
Cantabria	8.967	-26.580	-74,77
Castilla La Mancha	24.342	-75.000	-75,50
Castilla y León	40.323	-105.182	-72,29
Cataluña	190.902	-487.782	-71,87
Comunitat Valenciana	98.060	-251.574	-71,95
Extremadura	12.708	-27.181	-68,14
Madrid	118.746	-447.561	-79,03
Murcia	18.310	-61.376	-77,02
Navarra	8.172	-41.585	-83,58
País Vasco	38.392	-114.480	-74,89
La Rioja	7.760	-13.858	-64,10
Ceuta e Melilla	1.577	-4.579	-74,38

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

En canto a situación en Galicia, a maior baixada dende máximos ten lugar en Ourense (-74,84%) con 13.288 persoas menos.

Cadro 5.- EVOLUCIÓN DOS ERTE. GALICIA E PROVINCIAS			
PROVINCIAS	NOTIFICADOS A ÚLTIMO DÍA DE FEBREIRO 2021	VARIACIÓN	
		ÚLTIMO DÍA DE ABRIL 2020	
		ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	21.504	-48.026	-69,07
LUGO	5.072	-10.910	-68,26
OURENSE	4.467	-13.288	-74,84
PONTEVEDRA	15.622	-46.149	-74,71
GALICIA	46.665	-118.373	-71,72

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>